

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 11 DE MARZO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día once de marzo do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 4 DE MARZO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de marzo de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 4 de marzo de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Decreto 20/2019, do 28 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se modifica o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares da policía local. DOG núm. 49 do 11-03-2019.
- Resolución do 27 de febreiro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Emprego e Economía Social-, de inscrición e publicación do convenio colectivo da empresa "Xalo Obras y Servicios, S.L." 2018-2019 para o centro de traballo de limpeza viaria do Concello de Culleredo. BOP núm. 45 do 06-03-2019.
- Anuncio do 1 de marzo de 2019, do Consorcio As Mariñas, de aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio económico de 2019. BOP núm. 46 do 07-03-2019.

| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG13I008Q | USG/2019/31 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  4Y57 5G6L 5V4D 3N4T 04M1 | |

- Extracto da resolución do 28 de febreiro de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2019. (FO206/2019). BOP núm. 46 do 07-03-2019.
- Anuncio do 6 de marzo, do Ministerio de Economía e Empresa -Instituto Nacional de Estadística -Delegación Provincial da Coruña -Oficina do Censo Electoral-, polo que se fai pública a relación de Seccións, Mesas e Locais Electorais para as Eleccións a Cortes Xerais 2019. BOP núm. 48 do 11-03-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións ditadas polo servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

C.I.F. P-1503100-H

- Resolución núm. 313 de data do 26/02/2019, pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúda da obra "Renovación do parque infantil do paseo marítimo do Burgo e 'skate parque'", redactado por I.A.M. RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, SL.
- Resolución núm. 314 de data do 26/02/2019, pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúda da obra "Instalación da rede de saneamento en diversas rúas do Concello de Culleredo: Peiro de Abaixo, Avda. San Miguel, Peiro de Arriba, Orro e Conduzo", redactado por NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
- Resolución núm. 315 de data do 26/02/2019, pola que se concede a licenza municipal núm. 427 para a reserva de pasaxe permanente para o garaxe situado na Avda. Fonteculler núm. 76, á comunidade de propietarios do devandito garaxe.
- Resolución núm. 316 de data do 26/02/2019, pola que se acorda requirir á D. R. O. G. para que no prazo dun mes retire o vehículo estacionado de maneira indefinida na R/. Luis Seoane, da marca e modelo Ford Focus, matrícula C-9237-CB.
- Resolución núm. 317 de data do 26/02/2019, pola que se acorda requirir á D. P. F. V. para que no prazo dun mes retire o vehículo estacionado de maneira indefinida na R/. Pepe García 'O sacristán', núm. 16, da marca e modelo Fiat Punto, matrícula 6303FFR.
- Resolución núm. 318 de data do 26/02/2019, pola que se acorda rexistrar co número 124 ao animal de raza potencialmente perigosa American Staffordshire Terrier, e de especie canina, propiedade de D. J. De S. G.
- Resolución núm. 319 de data do 26/02/2019, pola que se acorda outorgar a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 136, á D.^a G. A. P.
- Resolución núm. 320 de data do 26/02/2019, pola que se concede o permiso municipal de vertedura ao sistema público da rede de sumidoiros á D. J. R. R. L., para o local adicado á carpintería e cerrallería.
- Resolución núm. 321 de data do 26/02/2019, pola que se concede o permiso municipal de vertedura ao sistema público da rede de sumidoiros á D. F. A. Del N. S., para o local adicado á limpeza xeral de edificios."

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellería delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

"RESOLUCIÓNS emitidas dende esta concellaría :

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

| Data da resolución | Nº resolución | TEMA | Persoa beneficiaria | Intensidade |
|--------------------|---------------|--|---------------------|-------------|
| 28/02/19 | 342 | <p>Conceder unha prórroga do servizo municipal de Axuda no fogar por un período de seis meses dende o reinicio do servizo.</p> <p>Conceder unha prórroga no servizo de Xantar na casa por un período de seis meses dende o inicio do servizo e dar traslado desta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.</p> | M. C. V. T. | |

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

| Data da resolución | Nº resolución | TEMA | Persoa beneficiaria | Obxecto da axuda | Importe |
|--------------------|---------------|--------------------------------|---------------------|---|------------|
| 26/02/19 | 322 | Conceder unha axuda económica. | L. F. P. P. | Pago de aluguer, correspondendo 300 € os meses de xaneiro, febreiro e marzo e 175,68 € o mes de abril de 2019. | 1.075,68 € |
| 26/02/19 | 323 | Conceder unha axuda económica. | M. A. M. | <p>Pago de recibos de electricidade correspondentes a seis meses de 2019.</p> <p>Pago de recibos de auga, correspondentes ao 4º trimestre de 2018, 1º, 2º, e 3º trimestre de 2019.</p> <p>Pago de recibos de gas, correspondente a seis meses de 2019.</p> <p>Pago de recibos de comunidade, correspondendo 30 € ao mes durante os 12 meses</p> | 360 € |

| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG131008Q | USG/2019/31 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  4Y57 5G6L 5V4D 3N4T 04M1 | |

C.I.F. P-1503100-H

| | | | | | |
|------------|-----|---|-------------|--|------------|
| | | | | de 2019. Bono de alimentos tipo B, durante tres meses e cunha entrega mensual. | |
| 26/02/19 | 324 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | E. P. O. | Pago de recibo de electricidade correspondente ao mes de novembro de 2018. | 16,36 € |
| 26/02/19 | 325 | Conceder unha axuda económica. | A. S. T. | Pago de aluguer, correspondendo 250 € os meses de novembro, decembro de 2018, xaneiro e febreiro de 2019 e 75,68 € o mes de marzo de 2019. | 1.075,68 € |
| 26/02/19 | 326 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | M. C. L. V. | Pago de recibo de electricidade, correspondente ao mes de novembro de 2018. | 18,11 € |
| 27/02/2019 | 331 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | S.O.V. | Pago do recibo de gas do mes de xaneiro de 2019 (68,25€), do recibo de auga correspondente ao terceiro trimestre (46,97€) e cuarto trimestre de 2018 (46,69€) e os recibos de electricidade correspondente ao periodo do 1 de outubro de 2018 ao 11 de novembro de 2018 (43,17€) e do 11 de novembro ao 9 de xaneiro de 2019 (82,99€). | |
| 06/03/19 | 357 | Conceder unha axuda económica. | M. R. V.G. | Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro (400 €), febreiro (400 €) e marzo (275,68 €) de 2019. | 1.075,68 € |

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emision y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

| Data da resolución | Nº resolución | TEMA | Persoa beneficiaria | Vixencia |
|--------------------|---------------|--|---------------------|---|
| 25/02/19 | 308 | Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade, por extravío. | S. P. S. | Vixencia dende o 02/09/2013 ata o 02/09/2023. |

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG131008Q | USG/2019/31 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 4Y57 5G6L 5V4D 3N4T 04M1 | |

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECIFICOS:

CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACION AS MULLERES:

A asociación DALETH, en colaboración co CIM municipal de Culleredo, vai poñer en marcha, por segundo ano consecutivo o programa "Volvoreta" dirixido a mulleres en situación de vulnerabilidade.

Este programa, constará dos seguintes obradoiros:

- Mirada interior. ¿Onde estou agora?.
- Valores do sistema operativo da miña vida.
- A mensaxe das emocións.
- O estrés.
- A autoestima.
- Conectando comigo.
- O meu talento.
- Novos mapas de ruta.
- O meu futuro.
- Chamada á acción.
- Emprendemento para todas.

A actividade realizarase os venres 16:30 a 19:00. A data de inicio é o 15 de marzo e desenvolverase o mes de xuño.

Os talleres realizaranse na aula 1 da sala municipal de actividades "Pintora María Cagiao Díaz".

A actividade está subvencionada na súa totalidade pola Secretaría Xeral da Igualdade (Xunta de Galicia) a través da liña de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020."

2.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

"ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2018/19

A) ACTIVIDADE: Percutir, percutindo.

Programa: Educación musical e artística.

Datas: 11 de marzo (2 concertos).

Horario: ás 10:00 h e as 11:30 h.

Colexios participantes: CEIP Tarrío, CEIP Sofía Casanova, CEIP Díaz Pardo, CEIP Ría do Burgo, CEIP novo e CPR A Ponte Pasaxe.

Curso: 3º de EP.

Nº participantes: 300.

Lugar: Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG131008Q | USG/2019/31 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 4Y57 5G6L 5V4D 3N4T 04M1 | |

B) ACTIVIDADE: As plantas medicinais.

Programa: Educación ambiental.

Datas: 11, 12, 13, 14 e 15 de marzo.

Horario: de 10:00 a 13:00 h.

Colexios participantes: CEIP P. Tarrío, CEIP Sofía Casanova, CEIP Díaz Pardo, CEIP Ría do Burgo e CEIP novo.

Curso: 6º de EP.

Nº participantes: 260.

Lugar: Aula de natureza do Xardín botánico.

C) ACTIVIDADE: Concerto didáctico I: Conto para escoitar mentras bailamos un vals.

Programa: Educación musical e artística.

Datas: 13 e 14 de marzo (5 concertos).

Horario: ás 9:30, ás 11:00 h e as 12:30 h.

Colexios participantes: CEIP P. Tarrío, CEIP Sofía Casanova, CEIP Díaz Pardo, CEIP Ría do Burgo, CEIP novo, CRA Culleredo e CPR A Ponte Pasaxe.

Curso: 4º, 5º e 6º de EI e 1º de EP.

Nº participantes: 904.

Lugar: Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples.

ACTIVIDADES CULTURAIS

MÉRCORES 13 DE MARZO

Hall do andar C do Conservatorio. 18.00 h:

Concerto Exprés. Alumnos/as conxunto vento e linguaxe musical. Entrada libre.

MÉRCORES 13 DE MARZO

Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.30 h:

Cancioneiro multicultural. De 0 a 100 anos. Entrada libre.

XOVES 14 DE MARZO

Salón de actos do Conservatorio. 19.30h.

Cullencontro en 44:05. Taller Ópera - Juan Durán. Entrada libre.

XOVES 14 DE MARZO

Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 a 21.00 h.

Tertulia de Arte: *Estratexias da visibilidade na arte*, coa artista Luisa Valdés.

Entrada libre.

VENRES 15 DE MARZO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:

Obradoiro de creación de instrumentos musicais.

De 7 a 12 anos. Inscricións na mesma semana na biblioteca."

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

C.I.F. P-1503100-H

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG13I008Q | USG/2019/31 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 4Y57 5G6L 5V4D 3N4T 04M1 | |

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H